

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**13319** *Real decreto 1028/2011, do 15 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas á clasificación das canais de porcino.*

O Regulamento (CEE) n.º 3220/84 do Consello, do 13 de novembro de 1984, polo que se determina o modelo comunitario de clasificación de canais de porco, estableceu as regras xerais para asegurar unha clasificación uniforme das canais de porcino en todos os Estados membros. Esta regulación, xunto ás súas disposicións de aplicación, supuxo un importante impulso á normalización no comercio intracomunitario e a transparencia do mercado da carne de porcino. Pola súa vez, mediante a Decisión da Comisión 88/479/CEE do 25 de xullo, autorizábanse por primeira vez os métodos de clasificación de canais de porco en España.

En consecuencia, a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 21 de decembro de 1988, pola que se determina a grella de clasificación de canais de porco, permitiu a adaptación á normativa española das ditas disposicións comunitarias.

Nos últimos anos, as sucesivas modificacións das regulacións da Unión Europea nesta materia que, entre outras cuestións, conduciron a unha nova definición da porcentaxe de magro das canais, unido á aparición no mercado de novos equipamentos para a clasificación, supuxo a revisión dos métodos autorizados para España.

Deste modo, conforme co procedemento establecido no Regulamento (CEE) n.º 2967/85 da Comisión, do 24 de outubro de 1985, polo que se establecen as modalidades de aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de porco, procedeuse á actualización das fórmulas existentes para os equipamentos previamente aprobados, así como á calibración de novos métodos. A decisión da Comisión 2009/11/CE, do 19 de decembro, relativa á autorización de métodos de clasificación de canais de porco en España, derroga a decisión da Comisión 88/479/CEE, do 25 de xullo.

Ao mesmo tempo, como resultado do proceso de simplificación normativa levada a cabo no marco comunitario, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, derroga o Regulamento (CEE) n.º 3220/84 do Consello, do 13 de novembro de 1984, desde o 1 de xaneiro de 2009. Pola súa banda, o Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, establece disposicións de aplicación relativas aos modelos comunitarios de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos seus prezos, co obxecto de facilitar a transparencia no mercado intracomunitario da carne de porcino e efectuar un pagamento aos produtores en función do peso e da composición dos porcos que entregasen ao matadoiro; igualmente derroga, entre outros, o Regulamento (CEE) n.º 2967/85 da Comisión, do 24 de outubro de 1985.

Ben que as novas disposicións comunitarias recollen na súa maior parte o establecido nos anteriores regulamentos, faise conveniente, para garantir a seguridade xurídica, incorporar ao noso marco legal as modificacións da nova normativa, sen prexuízo da directa aplicación das ditas disposicións. Así mesmo, é preciso o desenvolvemento daqueles aspectos da mencionada regulamentación, que o Consello e a Comisión establecen de uso opcional, a criterio dos Estados membros. Neste real decreto establécense disposicións específicas en materia de clasificación de canais de porco en España, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, así como no Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, o que comporta a derogación da citada Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 21 de decembro de 1988.

Así, as particularidades da práctica comercial no mercado da carne de porcino español aconsellan a aplicación dunha serie de opcións referidas a: posibilidade de non aplicar a clasificación de canais en matadoiros pequenos ou que sacrifiquen e despecen totalmente os seus propios animais; posibilidade de presentación da canal con ou sen mans, aplicando a correspondente corrección respecto ao peso; inclusión na clasificación, para os porcos sacrificados en España, dunha clase do 60 por cento ou máis de carne magra designada pola letra S; e posibilidade de superar o prazo de 45 minutos establecido entre o sangrado e a pesaxe do porco, sempre que se apliquen as deducións correspondentes á porcentaxe de redución por delourar.

Por outro lado, é necesario establecer as bases para a implementación en España dos controis sobre o terreo na clasificación, pesaxe e marcación das canais de porcino que, no exercicio das súas competencias, deben levar a cabo as autoridades competentes das comunidades autónomas. Así mesmo, é preciso determinar as bases das medidas que se van adoptar cando se detecten irregularidades e da correspondente corrección de deficiencias. Igualmente, é necesario constituír a Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos, como órgano de asesoramento e coordinación nesta materia, e posibilitar a extensión das súas funcións a outros sectores gandeiros e, consecuentemente, derrógase a disposición adicional única do Real decreto 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo de clasificación das canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado. Por último, requírese incorporar o réxime sancionador que se vai aplicar en materia de clasificación, pesaxe e marcación de canais porcinas.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, considérase apropiada a súa adopción mediante real decreto.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, e polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da daquela vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de xullo de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste real decreto é establecer disposicións específicas en materia de clasificación de canais de porco en España, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, así como no Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación relativas aos modelos comunitarios de clasificación de canais de vacún, porcino e ovino e á comunicación dos seus prezos.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do establecido neste real decreto, entenderase por:

a) Canal: o corpo dun porco sacrificado, sangrado e eviscerado, enteiro ou dividido pola metade de forma lonxitudinal.

b) Presentación tipo: presentación da canal sen a lingua, as sedas, as uñas, os órganos xenitais, a graxa pelviana renal, os riles e o diafragma.

c) Presentación sen mans: presentación tipo cuxas extremidades anteriores foron cortadas a nivel da articulación carpometacarpiana.

d) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

#### Artigo 3. *Clasificación obrigatoria de canais e excepcións.*

1. O modelo comunitario de clasificación das canais de porcino previsto no artigo 42, número 1 do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 1249/2008 da Comisión, do 10 de decembro de 2008, utilizarase en todos os matadoiros para a clasificación de todas as canais. Exceptúanse desta obriga as canais dos animais utilizados para a reprodución, os leitóns sacrificados e os animais sacrificados de urxencia.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, este modelo non será de aplicación obrigatoria nos matadoiros que:

a) Realicen un número máximo de sacrificios, fixado pola autoridade competente, que será en todo caso inferior a douscentos porcos por semana, de media anual ou

b) Unicamente sacrifiquen porcos nacidos e cebados nas súas propias instalacións e que despecen a totalidade das canais obtidas.

As comunidades autónomas notificaranlle á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros a decisión adoptada en relación co establecido na alínea a), especificando o número máximo de sacrificios que se poderán efectuar en cada matadoiro exento da aplicación do modelo comunitario, co fin de que a dita dirección xeral proceda á notificación desta información á Comisión.

#### Artigo 4. *Presentación da canal.*

1. Para os efectos do establecido neste real decreto, as canais presentaranse sen a lingua, as sedas, as uñas, os órganos xenitais, a graxa pélvica renal, os riles e o diafragma.

2. No obstante o disposto no punto anterior e conforme o recollido no anexo V, letra B.(III), parágrafo segundo, do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, considerando a práctica comercial seguida en España, como excepción á presentación tipo mencionada, as canais de porco tamén se poderán presentar sen as mans no momento de seren pesadas e clasificadas.

#### Artigo 5. *Pesaxe, clasificación e marcación.*

1. No momento da pesaxe, as canais clasificaranse en función do contido estimado de carne magra, segundo o modelo establecido no anexo I. Para iso utilizaranse os métodos previstos no artigo 7.

Para os porcos sacrificados en España, establécese unha clase do 60 por cento ou máis de carne magra, designada pola letra S.

2. Logo da súa clasificación e antes da súa entrada na cámara de delourar, as canais de porcino serán marcadas coa letra maiúscula que represente a clase da canal ou a porcentaxe de carne magra estimada, de conformidade co disposto no punto anterior.

As letras ou cifras deberán ter polo menos dous centímetros de altura. A marcación deberase efectuar mediante unha tinta non tóxica, indeleble e resistente á calor, ou mediante calquera outro método de marcación permanente autorizado previamente pola autoridade competente.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo primeiro deste punto, poderase marcar nas canais de porcino unha indicación que se refira ao peso desta ou outras indicacións que se consideren adecuadas.

As medias canais marcaranse no coiro á altura da xoga posterior ou do xamón.

Tamén se considerará como marcación satisfactoria a colocación de etiquetas de tal forma que non se poidan quitar sen ser estragadas.

3. Non obstante o establecido no punto anterior, non será obrigatoria a marcación das canais sempre que o matadoiro expida unha acta conforme o modelo establecido pola autoridade competente que indique, para cada canal, polo menos, os seguintes datos:

- a) Unha identificación individual da canal mediante calquera método inalterable, que garanta en todo momento a súa rastrexabilidade.
- b) O peso da canal en quente.
- c) O contido estimado de carne magra, segundo se define no número 1.

As actas deberán ser asinadas o día en que se expidan, por unha persoa do matadoiro encargada da función de control, e conservarse durante polo menos seis meses desde o día da súa sinatura.

Non obstante, para poder ser comercializadas sen despezar noutro Estado membro, as canais deberanse marcar conforme o establecido no número 2, de acordo coa designación da clase prevista no número 1.

4. En todos os matadoiros en que se efectúe a clasificación de canais e se proceda á súa marcación segundo se establece no número 2, deberase levar un rexistro diario que vincule a identificación individual de cada canal co seu peso en quente e o seu contido estimado de carne magra ou clasificación, garantindo en todo momento a súa rastrexabilidade. Este rexistro, así como os albarás e documentos de comunicación previstos no artigo 8, deberanse conservar durante un mínimo de tres meses desde o día do sacrificio dos animais.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 4, e salvo actuacións do veterinario oficial do matadoiro por motivos sanitarios, non se poderá proceder á retirada de ningún tecido adiposo, muscular ou outro das canais antes de que se pesen, clasifiquen e marquen.

6. É responsabilidade dos matadoiros garantir o bo funcionamento de todos os equipamentos e aparellos de medida, incluíndo a verificación da calibración das básculas e a verificación dos equipamentos de clasificación.

As básculas empregadas nas pesaxes deberanse adaptar á normativa reguladora de control metrolóxico. Ademais, os instrumentos de pesaxe estarán selados para garantir a corrección e transparencia das operacións de pesaxe.

7. O matadoiro deberá dispor de procedementos que permitan garantir que o peso rexistrado en quente coincide co valor real da pesada, e que queda fielmente recollido, se é o caso, no rexistro informático.

8. Nos matadoiros que utilicen as sondas de clasificación manuais, conforme os métodos autorizados mediante a decisión da Comisión 2009/11/CE, do 19 de decembro, relativa á autorización de métodos de clasificación das canais de porco en España, a clasificación deberá ser realizada por persoal cun mínimo de dous meses de formación mediante experiencia práctica nesta materia.

#### Artigo 6. *Peso da canal.*

1. Para os fins da aplicación do modelo de clasificación de canais porcinas establecido neste real decreto, o peso corresponderá ao peso da canal en frío presentada segundo o disposto no artigo 4.

2. A canle pesarase no prazo máis breve posible despois do sacrificio e, como moi tarde, 45 minutos despois de que o porco sexa sangrado. O resultado desta pesaxe será considerado como «peso rexistrado en quente» ou «peso en quente».

No caso das canais presentadas sen mans, segundo se establece no artigo 4, co fin de poder fixar as cotizacións das canais de porco sobre unha base comparable, ao peso rexistrado en quente engadiranse 0,840 quilogramos.

O peso da canle en frío obterase deducindo o 2 por cento do peso en quente, se se pesa antes de transcorridos 45 minutos desde o sangrado do porco. Se nun determinado matadoiro, de forma xeral, o prazo de 45 minutos non se puidese respectar, a pesaxe

poderase efectuar despois a condición de que a dedución prevista sexa diminuída en 0,1 puntos por cada cuarto de hora ou fracción suplementaria que supere os 45 minutos.

*Artigo 7. Contido de carne magra das canais de porcino.*

De conformidade co establecido no anexo V letra B.(IV), número 1, do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, o contido en carne magra avaliarase mediante os métodos autorizados pola Comisión, segundo a Decisión da Comisión 2009/11/CE, do 19 de decembro de 2008.

*Artigo 8. Comunicación dos resultados de clasificación.*

1. O matadoiro deberá comunicar por escrito ou por vía electrónica, ben no albará, ou ben nun documento adxunto, o resultado da clasificación efectuada en cada canal dun lote. Esta comunicación entregarase ao provedor dos animais ou á persoa física ou xurídica que ordene o seu sacrificio, sen prexuízo de informar o gandeiro cando este o solicite expresamente.

2. Esta comunicación incluírá o peso da canal, con indicación do momento en que se realizou a pesada, considerando o tempo transcorrido desde o sangrado, e do tipo de presentación (con ou sen mans). Así mesmo, especificarase se se trata do peso en frío ou en quente, conforme se establece no artigo 6, así como o método de clasificación utilizado, conforme o artigo 7.

*Artigo 9. Controles sobre o terreo.*

1. A autoridade competente da comunidade autónoma en que se sitúen os matadoiros autorizados efectuará controis sobre a clasificación, pesaxe e marcación das canais. Estes controis sobre o terreo realizaranse sen aviso previo e incluírán, polo menos, os elementos de control previstos no anexo II.

A autoridade competente poderá delegar o control nun organismo de control, independente dos matadoiros.

2. Os controis realizaranse, polo menos, dúas veces por trimestre en todos os establecementos autorizados que sacrifiquen 200 porcos ou máis semanalmente, como media anual.

A autoridade competente da comunidade autónoma determinará a frecuencia mínima dos controis para os establecementos autorizados que sacrifiquen menos de 200 porcos semanais como media anual e comunicará a dita frecuencia á Mesa de Coordinación de Clasificación referida no artigo 11.

3. Para a realización dos controis establecidos nos números 1 e 2, as comunidades autónomas determinarán os matadoiros que se van controlar, así como o número de mostras de cada un, sobre a base, polo menos, da súa análise de riscos, tendo especialmente en conta o número de sacrificios de porcinos nos matadoiros en cuestión e os resultados dos controis anteriores nos ditos matadoiros.

4. Cando o organismo encargado dos controis non teña dependencia orgánica ou funcional da autoridade competente, os controis recollidos nos números 1 e 2 deberán levarse a cabo baixo a supervisión física da dita autoridade, nas mesmas condicións e polo menos unha vez ao ano. Esta última será informada periodicamente dos resultados das actividades do organismo encargado da realización dos controis.

5. Sen prexuízo das competencias que teñan reservadas os organismos oficiais encargados do control metrolóxico en aplicación do anexo X do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, os encargados do control de clasificación realizarán os seguintes controis:

- a) Verificación da pesada real coa comunicada ao provedor dos animais.
- b) Comprobación da calibración periódica das básculas.



Artigo 10. *Medidas que se van adoptar cando se detecten irregularidades. Corrección de deficiencias.*

1. No caso de que, como resultado dunha inspección, se observe un número significativo de clasificacións incorrectas, a autoridade competente valorará, en función da análise de risco, a posibilidade de aumentar o número de canais que se deban examinar e a frecuencia dos controis, ou de aplicar outras medidas correctoras que considere oportuno, sen prexuízo das sancións que procedan de acordo co artigo 12.

2. As deficiencias que afecten a rastrexabilidade ou a presentación da canal, segundo se indica no número 5 do artigo 5, tales como o excesivo recorte de graxa externa, deberán ser emendadas de xeito inmediato, achegando o matadoiro as medidas correctoras pertinentes.

Artigo 11. *Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos.*

1. Constitúese a Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos como órgano colexiado adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. A mesa estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o subdirector xeral de Produtos Gandeiros da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

b) Vicepresidente: o subdirector xeral adxunto de Produtos Gandeiros.

c) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma que se acorde integrar neste órgano, así como un representante da Secretaría Xeral Técnica do departamento.

d) Secretario: un funcionario que ocupe, polo menos, o posto de xefe de sección na relación de postos de traballo da Subdirección Xeral de Produtos Gandeiros, designado polo seu titular.

3. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente.

4. A mesa poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nestas, aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A mesa reunirse mediante convocatoria do seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude de calquera dos seus membros.

5. Son funcións da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos:

a) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes das comunidades autónomas na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais porcinos, conforme o establecido neste real decreto. Para isto poderase asistir do asesoramento de expertos en materia de clasificación de canais porcinos.

b) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes das comunidades autónomas na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais vacúas, conforme o establecido no Real decreto 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado. Para iso poderase asistir do ditame de expertos do comité de control comunitario establecido no artigo 42.2. do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007. A mesa, en particular, asesorará na realización dos ensaios de certificación dos dispositivos de clasificación automatizada de canais de vacún.

c) Asesorar e facilitar a coordinación das autoridades competentes das comunidades autónomas na aplicación das disposicións sobre clasificación de canais de ovino, conforme o establecido na letra C do anexo V do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, e no capítulo IV do Regulamento (CE) n.º 1249/2008, da Comisión, do 10 de decembro de 2008.

d) Acordar a constitución de grupos de traballo específicos.

6. Os gastos en concepto de indemnizacións pola realización de servizos, axudas e desprazamentos que se orixinen pola participación en reunións dos integrantes da mesa serán por conta das súas respectivas administracións.

Artigo 12. *Réxime sancionador en materia de clasificación, pesaxe e marcación de canais.*

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no artigo 49.f) do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, salvo nas comunidades autónomas que dispoñan de réxime sancionador específico, nas cales se aplicará o dito réxime.

Disposición adicional única. *Recoñecemento mutuo.*

Os requisitos desta norma non se aplicarán aos produtos legalmente fabricados ou comercializados de acordo con outras especificacións nos outros Estados membros da Unión Europea, nin aos produtos orixinarios dos países da *Asociación Europea de Libre Comercio* (AELC), partes contratantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (EEE), nin aos Estados que teñan un acordo de asociación alfandegueira coa Unión Europea.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

1. Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 21 de decembro de 1988, pola que se determina a grella de clasificación de canais de porco.

2. Queda derogada a disposición adicional única do Real decreto 225/2008, do 15 de febreiro, polo que se completa a aplicación do modelo comunitario de clasificación das canais de vacún pesado e se regula o rexistro dos prezos de mercado.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>ª</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desarrollo normativo e modificación.*

Habíltese o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar os anexos para permitir a súa adaptación á lexislación comunitaria, así como para adaptar, de acordo coas comunidades autónomas, a composición e funcións da Mesa de Coordinación de Clasificación de Canais e Prezos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO I

## Clasificación das canais porcinas

As canais dividiranse en clases en función do contido estimado de carne magra e clasificaranse en consecuencia:

Clase	Contido de carne magra expresada en porcentaxe do peso en canal
S	60 ou máis.
E	55 ata menos de 60.
U	50 ata menos de 55.
R	45 ata menos de 50.
O	40 ata menos de 45.
P	Menos de 40.

## ANEXO II

## Elementos de control

O informe de control deberá conter, polo menos, os seguintes elementos:

1. Lugar, data e hora da visita de control.
2. Datos do axente que realice o control e do titular do establecemento.
3. Datos do matadoiro.
  - 3.1 Nome.
  - 3.2 Enderezo.
  - 3.3 Número de rexistro no REGA.
  - 3.4 Volume de sacrificio ao ano.
  - 3.5 Cabezas sacrificadas por semana (media anual).
4. Control de clasificación, presentación, pesaxe e marcación.
  - 4.1 Clasificación en función do contido estimado de carne magra e marcación. Anotarase:
    - 4.1.1 Método de clasificación empregado (segundo o artigo 7).
    - 4.1.2 Tipo de marcación empregado (tinta ou etiqueta).
    - 4.1.3 Verificación dos equipamentos de clasificación: posibles anomalías detectadas.
    - 4.1.4 Número de canais controladas.
    - 4.1.5 Verificación da marcación (características, dimensións, localización e mencións, segundo o establecido no artigo 5): posibles incorreccións detectadas.
    - 4.1.6 Verificación da correcta marcación das canais controladas conforme o contido estimado de carne magra: posibles incorreccións detectadas. Verificación, se é o caso, das actas elaboradas conforme o establecido no artigo 5.3.
    - 4.1.7 Número de canais clasificadas e marcadas incorrectamente.
    - 4.1.8 Porcentaxe de erros sobre o total controlado.
    - 4.1.9 Número de canais non identificadas.
    - 4.1.10 Sinalarase se a marcación inclúe referencia ao peso ou outras indicacións.
  - 4.2 Presentación. Anotarase:
    - 4.2.1 Se se observan incorreccións na presentación da canal, segundo o establecido no artigo 4.
    - 4.2.2 Se se observa retirada improcedente de tecidos, segundo o establecido no artigo 5.6.
    - 4.2.3 Se a presentación habitual no matadoiro é con ou sen mans.



4.3 Pesaxe. Anotarase:

4.3.1 Verificación de que os aparellos de medida se encontran correctamente calibrados.

4.3.2 Comprobación da verificación periódica das básculas.

4.3.3 Comprobación de que a correspondencia entre o peso da canal en frío e o peso da canal en quente responde ao establecido no artigo 6 (sinalarase, de ser o caso, se o prazo de 45 minutos entre o sangrado e a pesaxe do porco non se pode respectar de forma xeral no matadoiro e comprobarase que se realiza a dedución correspondente).

5. Rexistro: verificarase a correspondencia dos datos reais da pesada e o contido estimado en carne magra ou clasificación da canal cos anotados no rexistro establecido no artigo 5.4.

6. Información ao produtor: verificarase que se lle comunica ao subministrador de animais para o sacrificio a clasificación, a presentación e o peso da canal, segundo se establece no artigo 8. Verificarase a correspondencia cos datos do rexistro establecido no artigo 5.4.

7. Alegacións do interesado.

Sobre a base das irregularidades detectadas, a autoridade competente sinalará as actuacións correctoras que se van adoptar, sen prexuízo do disposto no artigo 10.